



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito financeiro e tributario I

Materia	Dereito financeiro e tributario I			
Código	V08G211V01504			
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Muleiro Parada, Luís Miguel			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime Muleiro Parada, Luís Miguel			
Correo-e	lmuleiro@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral "Dereito Financeiro e Tributario I" é unha materia do primeiro cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos que ten por finalidade o estudo da ordenación xurídica dos ingresos e gastos públicos, así como das relacións xurídicas que xorden entre a Administración e os particulares.

A materia obxecto de estudo estrutúrase en cinco grandes apartados.

O primeiro apartado serve de introdución ao estudo do Dereito Financeiro, destacando a análise das fontes desta rama xurídica e do poder financeiro nos tres niveles de Facenda (Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais).

Un segundo apartado dedícase aos aspectos xurídicos da actividade financeira (ingresos e gastos públicos). Nel prestarase especial atención ao Dereito orzamentario e as subvencións.

Os tres últimos apartados correspóndense coa denominada "Parte Xeral" do Dereito Tributario, a cal -á súa vez- enfróntase por separado ao estudo do tributo e a obrigaación tributaria, á aplicación dos tributos e, finalmente, á revisión dos actos administrativos tributarios, contidos todos eles cuxo coñecemento resulta imprescindible antes de abordar a "Parte especial" do Dereito Tributario ("Dereito Financeiro e Tributario II"), que completa a formación do alumnado no que incumbe ás materias obrigatorias de Dereito Financeiro.

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para buscar, analizar y sintetizar información para construír argumentos y emitir juicios en diferentes ámbitos de actuación profesional
B2	Capacidade para comunicar y defender de forma oral y escrita asuntos o temas relacionados con su especialidad
B3	Capacidade para el aprendizaje continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional
B4	Capacidade para el aprendizaje continuo de nuevas tecnologías aplicables al ejercicio profesional
B5	Capacidade para desarrollar su actividad profesional conforme a los derechos fundamentales y al código deontológico profesional

C5	Conocer los elementos esenciales de los tributos y los procedimientos de aplicación, así como las reglas relativas a la elaboración, aprobación y ejecución del gasto público. En particular, las normas relativas al régimen jurídico-financiero de las subvenciones
D1	Capacidad de análisis y síntesis para la elaboración y defensa de argumentos, así como, organización, planificación y utilización del tiempo ante situaciones de presión
D4	Capacidad de comportarse de manera ética y con responsabilidad social como ciudadano y como profesional, respetando la diversidad y multiculturalidad
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados de la realidad en relación con su significado y relacionarlos con las distintas ramas del ordenamiento jurídico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O obxectivo principal será proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para coñecer os elementos esenciais dos tributos e dos seus procedementos de aplicación.	A2	B1	C5	D1
	A4	B2		D4
	A5	B3		D5
		B4		
		B5		

Contidos

Tema	
Primeira Parte: Introducción ao estudo do Dereito Financeiro e Tributario.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto e contido. 2. Principios de xustiza financeira. 3. Fontes do Dereito Financeiro e Tributario. 4. Poder Financeiro. 5. A aplicación e interpretación das normas financeiras.
Segunda Parte: Ingresos e gastos públicos. Subvencións.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O obxecto da actividade financeira. Aspectos xurídicos. 2. Os ingresos públicos. 3. Os gastos públicos. Dereito Orzamentario. 4. As subvencións.
Terceira Parte: O tributo e os seus elementos esenciais.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O tributo e a obrigaón tributaria. 2. Concepto e clases de tributo. 3. Obrigados tributarios. 4. Cuantificación. 5. Extinción. 6. Garantías da débeda tributaria.
Cuarta Parte: Os procedementos de aplicación dos tributos.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Principios xerais. 2. Normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios. 3. O procedemento de Xestión. 4. O procedemento de Inspección. 5. O procedemento de Recadación.
Quinta Parte: Os procedementos de revisión dos tributos.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os procedementos especiais de revisión. 2. O recurso de reposición. 3. As reclamacións económico-administrativas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	35	65	100
Seminario	15	30	45
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Observación sistemática	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de tutorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
Seminario	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de tutorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	Nas clases realizaranse probas de resposta curta exclusivamente ás/os alumnas/os que se sometan ao sistema de avaliación continua. A nota media dos distintos exames de preguntas obxectivas constituirá o 20% da nota final de ditos/os alumnas/os.	20	A2	B1	C5	D5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba final que consta de dúas partes: unha práctica escrita (na que a/ alumna/o terá que demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia). Para as/os alumnas/os que se sometan ao sistema de avaliación continua, esta proba representará o 70% da súa nota final. Para as/os alumnas/os que NON se sometan a avaliación continua, a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% da cualificación obtida no exame práctico escrito.	70	A2 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5	C5	D1 D4 D5
Observación sistemática	O profesorado, a través de diferentes actividades que propoña ao alumnado que se someta a avaliación continua (casos prácticos, exposición oral dun tema, presentación escrita dun traballo, tarefa colaborativa na aula, etc.), valorará a participación activa e a calidade das intervencións deste tanto nas clases maxistras como, sobre todo, nos seminarios. A participación activa e de calidade do alumnado sometido a avaliación continua suporá o 10% da súa nota final.	10	A2 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5	C5	D1 D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto de exame. Oportunamente, ao comezo do cuadrimestre académico, proporcionaráselle ao alumnado un temario máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección.

PRIMEIRA OPORTUNIDADE DE EXAME:

1.- Ao comezo do cuadrimestre, a/o alumna/o deberá manifestar a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua. A tal fin, os profesores da materia lle proporcionarán un documento que a/o alumna/o deberá cubrir e asinar nun determinado prazo. Este documento será vinculante, de modo que as/os alumnas/os que o asinen NON poderán, con posterioridade e durante ese curso académico, cambiar de sistema de avaliación. Os alumnos de avaliación continua asistirán regularmente a clase (en calquera caso, non pode superar de non asistencia máis dun 10% das clases).

2.- A/o alumna/o que se acolla ao sistema de avaliación continua, subscribindo o documento sinalado no punto anterior, será avaliado conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: proba final (70%), probas de resposta curta (20%) e participación activa e de calidade (10%). Na proba final, o exame de teoría e oral suporá o 80% da calificación e o práctico, por escrito, suporá un 20%. En todo caso, a/o alumna/o deberá acadar unha nota mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non acadar esa nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta será a correspondente á do exame. A mencionada proba final terá lugar na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado para ese efecto pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

3.- As/os alumnas/os que NON se sometan a avaliación continua realizarán unha única proba final na que se evaluarán todas as competencias da materia e que constará de dúas partes: un exame teórico e oral, que suporá o 70% da súa calificación final; e un exame práctico e escrito (que será diferente ao que realice o alumnado sometido a avaliación continua), o cal suporá o 30% da súa nota final. A citada proba final terá lugar na data, lugar e hora especificados no

calendario oficial aprobado para ese efecto pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

SEGUNDA OPORTUNIDADE DE EXAME:

1.- No exame de xuño/xullo só se realizará unha proba final, que constará de dúas partes: unha práctica escrita (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia). A citada proba final terá lugar na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado para ese efecto pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

2.- As/os alumnas/os que se someteron ao sistema de avaliación continua conservarán a nota que obtiveron no curso e que representará o 30% da súa calificación total (20% de probas de resposta curta e 10% de participación activa e de calidade). O 70% da nota restante provirá da mencionada proba final. Na devandita proba final, o exame de teoría e oral suporá o 80% da nota e o práctico, por escrito, suporá un 20%. En todo caso, a/o alumna/o deberá acadar unha nota mínima de 4 sobre 10 nesa proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non acadar dita nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta será a correspondente á do exame. Para as/os alumnas/os que se someteron ao sistema de avaliación continua e que non superen a proba final, nin na primeira nin na segunda oportunidade de exame, a nota obtida a través do devandito sistema se lles poderá conservar no curso académico seguinte.

3.- Para as/os alumnas/os que NON se sometan a avaliación continua a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% da cualificación obtida no exame práctico escrito. En ambas probas evaluaránse todas as competencias da materia. A proba práctica escrita será diferente á que realice o alumnado sometido a avaliación continua.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA: O exame da convocatoria de Fin de Carreira será unha proba escrita con dúas partes, teórica e práctica, cuxa cualificación conformará o 100% da nota final e avaliará todas as competencias da materia. Dita nota estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico e o 30% da cualificación obtida no exame práctico. No exame de Fin de Carreira non se terá en conta a nota de avaliación continua que o alumnado, no seu caso, obtivese no curso académico anterior. O exame de Fin de Carreira terá lugar na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado para ese efecto pola Xunta de Facultade para o curso académico 2020-2021.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

PÉREZ ROYO, F., **Derecho financiero y tributario. Parte General**, 30ª ed., Aranzadi, 2020

MERINO JARA, I. (Dir.), **Derecho financiero y tributario Parte general. Lecciones adaptadas al EEES**, 9ª ed., Tecnos, 2020

MARTÍN QUERALT, J.; LOZANO SERRANO, C.; TEJERIZO LÓPEZ, J.M.; y CASADO OLLERO, G., **Curso de Derecho financiero y tributario**, 31ª ed., Tecnos, 2020

SIMÓN ACOSTA, E. Y OTROS, **CÓDIGO TRIBUTARIO**, 27ª ed., Aranzadi, 2020

SIMÓN ACOSTA, E et al, **Lo esencial de Derecho Financiero y Tributario**, Aranzadi, 2018

Bibliografía Complementaria

FERREIRO LAPATZA, J.J., **Instituciones de Derecho Financiero y Tributario**, 1ª ed., Marcial Pons, 2010 o posterior

PITA GRANDAL, A. M., **La prueba en el procedimiento de gestión tributaria**, Marcial Pons, 1998

PITA GRANDAL, A.Mª. (Coordinadora), **Textos y casos prácticos de Derecho Financiero y Tributario**, 2ª ed., Tórculo, 2001

CALVO ORTEGA, R. (Dir.), **Comentarios a la Ley General Tributaria**, 2ª ed., Cívitas-Thomson Reuters, 2009

FERNÁNDEZ LÓPEZ, R. I., **Comprobación de Hechos por la Inspección de los Tributos**, Marcial Pons, 1998

RUIZ HIDALGO, C., **La responsabilidad tributaria en el alzamiento de bienes**, Marcial Pons, 2009

ANEIROS PEREIRA, J., **Las sanciones tributarias**, Marcial Pons, 2005

MULEIRO PARADA, L. M., **La determinación objetiva: IRPF e IVA**, Marcial Pons, 2009

SIOTA ÁLVAREZ, M., **Analogía e interpretación en el Derecho tributario**, Marcial Pons, 2010

RAMOS PRIETO, J., **Erosión de la base imponible y traslado de beneficios: estudios sobre el Plan BEPS de la OCDE**, Aranzadi, 2016

SESMA SANCHEZ, B., **La nulidad de las liquidaciones tributarias**, Aranzadi, 2017

FERNÁNDEZ LÓPEZ, R. I., **La imprescriptibilidad de las deudas tributarias y la seguridad jurídica**, Marcial Pons, 2017

PITA GRANDAL, A.Mª. (dir.), **Estudios sobre la financiación de los puertos**, Marcial Pons, 2017

CUBERO TRUYO, A. (dir.), **Estudios sobre el decreto-ley como fuente del Derecho Financiero y Tributario**, Aranzadi, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional/V08G211V01201

Dereito: Teoría do dereito/V08G211V01101

Dereito administrativo/V08G211V01401

Dereito mercantil/V08G211V01303

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Para a materia de Dereito Financeiro e Tributario I planifícanse as seguintes medidas excepcionais:

DOCENCIA:

No caso de que a docencia non se poida desenvolver de maneira presencial por razóns sanitarias, as clases serán impartidas de xeito remoto a través das aulas virtuais e co apoio da plataforma de Teledocencia Faitic.

As sesións maxistras e seminarios prácticos serán impartidos polos profesores responsables empregando o complemento de Aula Virtual habilitado no remoto Campus da Universidade de Vigo. O profesorado estará dispoñible para apoiar a resolución de dúbidas e as sesións de titoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia), baixo a modalidade de concertación previa. Para os seminarios, dende a plataforma Faitic proporcionaráselle ao estudantado unha serie de supostos prácticos cunha semana de antelación que terán que ser preparados pola súa conta para a sesión correspondente. A través da aula virtual o profesor levará a cabo unha explicación dos supostos prácticos plantexados e farase unha posta en común entre o profesor e os alumnos para establecer as pautas de solución, o que permitirá verificar a adquisición das habilidades correspondentes e a asimilación de contidos.

A avaliación continua realizarase de acordo co disposto na guía docente e o cronograma, establecendo como medios para avaliar as competencias do alumnado as actividades descritas a continuación. As probas de avaliación continua realizaranse a través da plataforma Faitic segundo o indicado no cronograma. Por outra banda, as entregas dos casos prácticos indicados faranse ao profesor responsable e valoraranse para os efectos da cualificación da avaliación continua, de acordo co disposto na guía docente. Así mesmo, para a avaliación continua valorarase a participación activa e de calidade do alumnado, segundo o establecido na guía docente.

EXAME:

Cando as razóns sanitarias impidan a celebración dos exames de forma presencial, o exame final realizarase segundo o establecido na guía docente e constará de: 1) Un exame práctico por escrito para o que se utilizará a plataforma Faitic cun sistema de tempo controlado que garanta que o traballo se realice individualmente e 2) Un exame de teoría oral para o que se empregará o campus remoto. A avaliación continua e os exames realizados ponderaranse na nota final segundo o establecido na guía docente da materia.
